

## Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade

do 28 de xullo de 2016

### Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen  
Eguileta Franco, José M<sup>a</sup>  
Garrido Labrador, Begoña  
Presedo Garazo, Antonio  
Reboreda Morillo, Susana  
Sánchez Ferro, Pablo  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, Beatriz

### Desculpan a súa asistencia:

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 28 de xullo de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 26 de xullo de 2016:

- Lectura e aprobación da acta anterior (29 de xuño de 2016)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, do Plan anual de satisfacción de usuarias e usuarios e as fichas técnicas 1, 2 e 3
- Aprobación, se procede, do Procedemento de acceso e admisión (AC-0104 P1) do Máster en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
- Aprobación, se procede, do Informe de accións de coordinación do curso 2015-16
- Rolda de intervencións

**1. Lectura e aprobación da acta anterior (29 de xuño de 2016)**

Apróbase a acta por asentimento.

**2. Informe da Decana**

- Xa que esta é a última reunión do curso, a decana lembra que o vindeiro ano terán lugar os procesos de acreditación do título e certificación do SIGC, tal e como aprobamos o 17 de decembro de 2015 en Xunta de Facultade.
- Informa que por indicación da Área de Calidade foi actualizado o procedemento AC-0104 Accesos e admisión.

**3. Aprobación, se procede, do Plan anual de satisfacción de usuarias e usuarios e as fichas técnicas 1, 2 e 3**

Este documento elaborouse a partir da proposta que foi debatida e aprobada na pasada xuntanza. Así mesmo de ese documento extraéronse as tres fichas técnicas que recollen os aspectos máis significativos das respectivas accións.

Apróbase o Plan anual de satisfacción de usuarias e usuarios.

**4. Aprobación, se procede, do Procedemento de acceso e admisión (AC-0104 P1) do Máster en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural**

Retírase este punto da orde do día xa que este procedemento para o centro, xa se validou en Comisión de Calidade o 31 de marzo de 2016 e se aprobou en Xunta de Facultade o 6 de abril de 2016.

**5. Aprobación, se procede, do Informe de accións de coordinación do curso 2015-16**

En función do debate xerado na pasada xuntanza de calidade, a coordinadora de grao elaborou este informe que recolle todas as suxestións comentadas.


Apróbase o informe.

**6. Rolda de intervencións**

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.30 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboveda Morillo Álvarez

A secretaria



MCarmen Arribas